



INFORMA



Resolución do 12 de maio de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, pola que se aproba a relación de prazas que se ofrecen e se cita para o acto de elección de destino aos aspirantes seleccionados no proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde

A base oitava da Resolución da Secretaria Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006 (DOG nº 156, do 14 de agosto), do 19 de decembro de 2006 (DOG nº 246, do 26 de decembro) e do 22 de decembro de 2006 (DOG nº 247, do 27 de decembro), polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dispón que unha vez recibida pola autoridade convocante a proposta de aspirantes que superaron o concurso-oposición nas categorías correspondentes, procederase á publicación no Diario Oficial de Galicia dunha resolución pola que se aprobe a relación de prazas que se lles ofrecen aos aspirantes seleccionados e o procedemento para elección de destino.

En consecuencia, esta División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a relación de prazas vacantes que se lles ofertarán aos aspirantes seleccionados no concurso-oposición de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde nas categorías de calefactor/a, conductor/a, fisioterapeuta, grupo administrativo, lavandeiro/a, pasadora de ferro, pinche, técnico xestión de sistemas e tecnoloxías da información, técnico especialista anatomía patolóxica, técnico especialista de sistemas e tecnoloxías da



INFORMA



información, técnico especialista laboratorio, técnico especialista radiodiagnóstico, técnico especialista radioterapia, técnico especialista hixienista dental, telefonista, terapeuta ocupacional e matró/a indicándose a localidade e institución sanitaria onde se ubican as prazas ofertadas.

As prazas que se ofertan corresponden sempre a prazas básicas da correspondente categoría, de acordo co establecido no artigo 17 do Decreto 206/2005, de 22 de xullo.

Segundo.- Convócanse todos os aspirantes seleccionados para que nun único chamamento e acto elixan obrigatoriamente destino definitivo pola orde de puntuación alcanzado no concurso-oposición con preferencia a favor dos aspirantes que accederon pola quenda de promoción interna.

Terceiro.- O acto de elección de destinos celebrarase no edificio administrativo do Servizo Galego de Saúde, sito en San Lázaro s/n de Santiago de Compostela, coa seguinte distribución de categorías:

Día 23 de maio de 2008, ás 11 horas: técnico especialista de sistemas e tecnoloxías da información, calefactor, conductor, telefonista, técnico especialista en anatomía patolóxica e citoloxía e hixienista dental.

Día 23 de maio de 2008, ás 12 horas: técnico de xestión de sistemas e tecnoloxías da información, terapeuta ocupacional e técnico especialista en radioterapia.

Día 23 de maio de 2008, ás 13 horas: lavandeira e pasadora de ferro.

Día 24 de maio de 2008, ás 9,30 horas: grupo administrativo; ás 10,15 horas: pinche, aspirantes cuxa puntuación total esté comprendida entre 117 puntos e 94 puntos; ás 12,15 horas: pinche, aspirantes cuxa puntuación total esté comprendida entre 93,99 puntos e 76 puntos.

Día 26 de maio de 2008, ás 16 horas: TEL; ás 17,15 horas: TER; ás 18,30: enfermeira especialista en xinecoloxía e obstetricia; ás 19,15 horas: fisioterapeuta.

Cuarto.- O dito acto de elección someterase ás seguintes regras:

- a) A solicitude que formulen os aspirantes será vinculante e irrenunciable.
- b) Deberán comparecer provistos do documento nacional de identidade ou outro documento que concrete de modo fidedigno a súa personalidade.
- c) Os aspirantes que non comparezan persoalmente poderán ser representados por terceiras persoas provistas de poder suficiente.
- d) O aspirante seleccionado que non opte por un destino, no prazo e de acordo ao procedemento establecido, non poderá ser nomeado, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións. En todo caso, non serán tidas en conta causas de forza maior ou calquera outra causa para emendar a non elección de destino.



INFORMA



e) Pola capacidade do recinto e con motivo de facilitar a axilidade na elección, poderíase limitar a presenza de persoas que acompañen ao aspirante no propio acto da elección.

Quinto.- Esta resolución poderá ser impugnada polos interesados nos termos previstos na base décima da convocatoria. Santiago de Compostela, 12 de maio de 2008. Antonio José Fernández Paniagua, DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

CODIGO	CATEGORÍA	1501 Canalejo	1505 Ferrol	1571 CHUS	2701 Lugo	2706 Burela	2707 Monforte	3201 Ourense	3204 Barco	3601 CHUVI	3603 CHOPO
3	Calefactor/a	2								2	2
6	Conductor/a	1	1	2							2
8	Fisioterapeuta			1	3	2		3	2	2	2
9	Grupo administrativo	9	3	3	1					1	4
13	Lavandero/a	7	3		2	1				6	
15	Pasador/a de ferro	14	6		2		2			6	
17	Pinche	50	12	8	1	6		35		28	12
18	Técnico de Xestión de Sistemas e Tecnoloxías da Información				1			1		1	1
19	Técnico especialista anatomía patolóxica	1	1	1				1		2	
20	Técnico Especialista de Sistemas e Tecnoloxías da Información									2	
22	Técnico especialista laboratorio	8	3	19	1		1	4	1	11	4
23	Técnico especialista radiodiagnóstico		3	4	5	1		14	2		4
24	Técnico especialista radioterapia			8				3			
25	Telefonista		1			1	2			2	
26	Terapeuta ocupacional	1	1	2	2						1
90	Matron/a	2	3		3	1	1	5	2	4	6

X.a.p. Coruña

Fisioterapeuta

Centro	Quenda	Prazas
Carballo	T	1

Área sanitaria de Ferrol

Fisioterapeuta

Centro	Quenda	Prazas
Fene	T	1
Ortigueira	M	1

Matrona

Centro	Quenda	Prazas
Ortigueira-Mañón-Cariño	M	1
Narón	T	1

X.a.p. Lugo

Fisioterapeuta

Centro	Quenda	Prazas
Becerreá	M	1

Matrona

Centro	Quenda	Prazas
Becerreá	M	1
Palas de Rei	M	1
Sárria	M	1
Chantada-Monforte de Lemos	M	1

Técnico especialista hixienista dental

Centro	Quenda	Prazas
Ribadeo-Burela	M	1

X.a.p. Ourense

Matrona

Centro	Quenda	Prazas
O Carballiño	D	1



X.a.p. Pontevedra**Fisioterapeuta**

Centro	Quenda	Prazas
Lalín	M	1

Matrona

Centro	Quenda	Prazas
Lalín-Agolada-Dozón-Rodeiro	M	1

Tecnico especialista hixienista dental

Centro	Quenda	Prazas
Lalín-Silleda	M	1

Tecnico especialista de sistemas e tecnoloxías da información

Centro	Quenda	Prazas
X.a.p. Pontevedra	M	1

X.a.p. Vigo**Fisioterapeuta**

Centro	Quenda	Prazas
Redondela	M	1
Val Miñor	M	1

Grupo administrativo

Centro	Quenda	Prazas
X.a.p. Vigo	M	1

Matrona

Centro	Quenda	Prazas
Rosalía de Castro	D	1

Tecnico especialista hixienista dental

Centro	Quenda	Prazas
Coia	T	1
A Guarda	M	1
Ponteareas	M	1
Porriño	M	1

Tecnico especialista de sistemas e tecnoloxías da información

Centro	Quenda	Prazas
X.a.p. Vigo	M	2

X.a.p. Santiago**Fisioterapeuta**

Centro	Quenda	Prazas
Boiro	T	1
Ribeira	T	1
Muros	M	1

Matrona

Centro	Quenda	Prazas
Melide-Toques-Santiso-Mat.	M	1
Muros	M	1

